

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 26-05-2025, ditou a resolución con número 1479/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día) dun/ha docente para impartir a acción formativa denominada “XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025.

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución de Alcaldía núm. 1345/2025 de data 13/05/2025, aprobáronse as Bases e a convocatoria para a selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a contratación de duración determinada (contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral) e a tempo parcial (6 horas/día) dun/ha docente para impartir a acción formativa, denominada “**Xestión de chamadas de teleasistencia**” (Código: 2024/002315, Especialidade: SSCG0111), correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e 2025.

De conformidade co disposto na base Terceira das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de instancias foi de cinco (5) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP núm. 91 de 15/05/2025).

Segundo.- Por Resolución de Alcaldía núm. 1438/2025 de data 21/05/2025, apróbase a Listaxe Provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo, para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa denominada “XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025.

Terceiro.- Rematado o prazo regulamentario para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, de conformidade co establecido na Base Cuarta (*Admisión de aspirantes*) da convocatoria e na Base Quinta (Composición da comisión da avaliación), de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a **Listaxe definitiva** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, no proceso de selección de persoal docente mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa “**Xestión de chamadas de teleasistencia**” (Código: 2024/002315, Especialidade: SSCG0111).

Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I**.

Segundo.- Designar a Comisión da Avaliación prevista na Base 5ª da convocatoria que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

- Titular: D^a. **Milagros Antelo Cameán**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.
Suplente: **José Facal Fariña**, Xefe do Servizo de Proxectos, Obra Pública e Infraestrutura do Concello de Carballo

Vogais:

- Titular 1º: D^a. **Ana Carmen Jiménez Mosquera**, Axente de desenvolvemento local do concello de Laracha.
Suplente 1º: D^a. **Lorena Castrillón Manso**, Enxeñeiro técnico industrial do Concello de Carballo.
- Titular 2º: D. **Juan José Lorenzo Pose**, Director do Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo
Suplente 2º: D^a. **María Dolores Serrano Bolón**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.
- Titular 3º: D^a. **Susana Mariño Lorenzo**, Técnica de administración do concello de Carballo.
Suplente 3º: D^a. **Carmen Del Río Rodríguez**, Técnica de administración do Concello de Carballo

Secretaria/o:

- Titular D. **Vitor Recarei Añón**, administrativo do concello de Carballo.
Suplente: D^a. **M^a Luz Fernández Sandá**, administrativa do concello de Carballo.

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Terceiro.- Convocar a todos os membros da comisión de avaliación para a **constitución do tribunal** e a realización da **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **martes 27 de maio de 2025 as 10:00 h.** na **Sala de Plenos** do Concello de Carballo.

Cuarto.- Convocar a todos os membros da comisión de avaliación para a realización da **fase de oposición (primeiro exercicio-proba teórica)** que terá lugar o **venres 30 de maio de 2025 as 10:00 h.** no **Sala de Plenos** de Carballo.

Non será preciso a celebración do segundo exercicio da fase de oposición, avaliación do coñecemento da lingua galega, dado que tódolos/as aspirantes teñen acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido segundo a Base segunda apartado 6 (*CELGA 3 ou equivalente*).

Quinto.- Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e, con carácter complementario, na páxina web municipal (www.carballo.org).

ANEXO I.

Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídas do proceso de selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para impartir a acción formativa denominada “XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA	Idioma Exame
1	MUÑOZ AVILA	GLORIA	***2416**	SI	Castelán
2	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	IRIA	***7106**	SI	Galego
3	VARELA CASTRO	HELENA	***5500**	SI	Galego
4	GARCIA MALLO	IRENE	***4325**	SI	Galego

Excluídos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA	Idioma Exame
1	GARCÍA MALLO	IRENE	***4325**	(1)	SI	Galego

Causas de exclusión:

Segundo a Base Segunda (Requisitos dos/as aspirantes) apartado 2.2 (Titulación, Competencia docente e Capacidade profesional):

(1) Non acredita o cumprimento do requisito da competencia docente (base 2.2.1 – Opción 1).

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretaria

Evencio Ferrero Rodríguez

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales